

Henrique Monteagudo | Secretario do Consello da Cultura Galega

"A Xunta debe reflexionar, falamos do futuro do galego, non de votos"

"A resposta da Xunta ao noso ditame foi sorprendente, nós non facemos política"

ENTREVISTA

CRISTINA DÍAZ PARDO
GALICIA

cristina.diaz@xornaldeg Galicia.com

O secretario do Consello da Cultura Galega, Henrique Monteagudo (Muros, 1959) amósase sorprendido da resposta belixerante que a Xunta tivo ao seu ditame sobre o novo decreto do galego. "Non sei que esperaban, a verdade" conta este filólogo. Sobre as voces que criticaban que dende o Consello non se estaba a tomar partido no conflito lingüístico, Monteagudo trata de conciliar. "Nós non podemos reaccionar en quente xa que o noso protocolo é moi serio, pero temos que defender o pobo galego", di. Aínda que medidas, as súas respostas deixan claro que o novo decreto da Xunta non lles chista nada. "É inconsistente, con falta de ideas e criterio sólido", di.

O pasado martes, logo de facer público o seu ditame sobre o decreto do galego, a Xunta cargou contra as súas valoracións. Como se tomaron as críticas?

A verdade é que é un pouco sorprendente. Nós fixemos un ditame porque se nos solicitou e fixémoslo con toda a nosa mellor intención e con todo o noso saber. A reacción da consellería, publicando a mesma tarde que nós damos a coñecer o noso ditame unha nota moi curta e con moi poucos matices, é un pouco impactante. Esa nota da consellería pón o til nun asunto que non é o fundamental: a inmersión lingüística. Os nosos apuntamentos sobre a inmersión están recollidos na parte de consideracións previas e non forman parte das conclusións do ditame. Por iso, parécenos un pouco falto de lugar por o acento nese punto, pero ben, non imos entrar a facer debate político dende o Consello.

A Xunta criticou as valoracións tanto do Consello da Cultura como as feitas pola Real Academia manifestando que pulaban pola inmersión lingüística. Por que o PP emprega este termo como algo negativo?

Hai un uso completamente carente de rigor do termo inmersión na linguaxe política. A aclaración que nós queremos facer sobre a inmersión lingüística non forma parte do corpo analítico nin das



Henrique Monteagudo

SONIA DAPONTE

conclusións do ditame, simplemente nós, como expertos no asunto, queremos destacar que se está a facer un uso totalmente carente de rigor dese termo. Sorpréndenos moito que a consellería incida neste mal entendemento do concepto. Cando eles falan de reservar un terzo do espazo para o inglés, tamén estamos a falar de inmersión. A inmersión é un procedemento didáctico para aprender linguas. No fondo, eles propoñen a inmersión parcial. Estase a usar este termo de forma distorsionada. Aquí non está o debate. O debate está na obriga legal da promoción do galego que insta ás autoridades públicas da comunidade a implantar un principio de progresividade do idioma no ensino. Algo que se aplicou en todos os gobernos dende os anos 80 e que agora se pretende rachar.

"No decreto, Lorenzo non tivo un papel de experto, o borrador non ten un criterio sólido"

Amosa sorpresa pola resposta da Consellería de Educación...

Sorprendeunos porque nós só respondemos a un requirimento do Goberno. Non sei se esperaban unha cousa distinta logo de todo o que se dixo neste último mes. Xa tivemos unha entrevista co conselleiro hai quince días e, a verdade, dificilmente penso que podían esperar un ditame distinto pola nosa banda.

Este novo decreto minusvalora o galego?

Eu só constato que hai mandato da Lei de Normalización Lingüística que di que o galego se fomentará de forma progresiva. Iso foi sempre respectado, con distintos ritmos, por todos os gobernos e por todos os presidentes da historia da autonomía galega. Agora, por primeira vez, temos unha norma que sae do noso Goberno que prevé unha redución substancial do uso do galego na ensinanza. Ese é o dato que nós poñemos sobre a mesa. Isto contradí un mandato legal. Logo, as consideracións políticas xa non son cousa nosa.

Como é posible logo que un profesional como Anxo Lorenzo, que participou na elaboración do Plano Xeral de Normalización, estea de acordo con estas bases?

Nós non podemos entrar a valorar o papel de cada persoa. O que si dá a impresión é que, pola súa propia inconsistencia, as bases parecen máis ben responder á busca dun equilibrio político dentro do PP máis que a unha opinión experta. Se Anxo Lorenzo tivo un papel, como se supón que o tivo, non foi un papel de experto senón que o que tivo que facer foi poñer de acordo ao partido do Goberno.

Cre que a Xunta tomará en consideración ás súas achegas?

A min gustaríame que este proceso de debate público non fora un simple trámite de cara a galería. Reaccións como a da Consellería ao noso ditame non convidan ao optimismo. Ao mellor todo isto é un simple trámite e non hai vontade real de escoitar a voz da cidadanía nin a voz dos expertos. Iso sería unha mágoa. O Goberno ten unha responsabilidade moi grande nisto e non pode manter este tema en permanente campaña electoral, como parece que está a pasar. Hai unha falta de ideas e de criterio sólido que parece que non vai máis alá da liorta política. Estamos a falar de cousas moi serias para o futuro do noso país, non de cantos votos ou deputados imos sacar. ■